


Xoán Montes

Sóache?

UNHA SEMANA
PARA ESCOITAR,
VER E SENTIR
O MÚSICO
LUCENSE.



Día 25 de Abril

Ás 19:30 h., no Museo Provincial de Lugo inauguración da exposición

Xoán Montes: Sóache?

Unha semana para escoitar, ver e sentir o músico lucense

Concerto

As baladas galegas de Xoán Montes:

1. As lixeiras anduriñas
2. Doce sono
3. Negra sombra
4. Lonxe d'a terriña
5. Unha noite n'a eira d'o trigo
6. O pensar d'o labrego

Carmen Subrido, soprano

Xoán Elías Castiñeira Varela, piano



CARMEN SUBRIDO, soprano

Naceu en Santiago de Compostela, onde iniciou os estudos no Conservatorio da Real Sociedade Económica de Amigos do País, sendo a súa profesora de canto

Dña. Teresa del Castillo. Proseguiu a súa formación na Escola Superior de Canto de Madrid con Dña. Teresa Tourne. Alí obtivo as

máis altas cualificacións en todas as materias.

Participou como oínte en cursos e clases maxistras dos máis importantes cantantes internacionais (Jaume Aragall, Monserrat Caballé, Plácido Domingo, Mirella Freni, Raina Kabaivanska, etc).

Obtivo importantes premios nos concursos Julián Gayarre e Maestro Alonso, incluído o PREMIO ÁNGELES GULIN á mellor voz de soprano.

Comezou a súa carreira como soprano solista no "Grupo de Cámara de Compostela" co que consegue unha sólida formación no referido á música antiga. Pertenceu ó Coro Universitario de Compostela e ó Coro Lírico Nacional. A súa carreira en solitario comeza abarcando distintas especialidades: Recital, Concerto, Oratorio, Zarzuela e Ópera.

Forman parte do seu repertorio os reguintes oratorios: *O Mesías* (Haendel), *A creación*, *As estacións* (Haydn), *Requiem*, *Misa en do menor* (Mozart) *Pequena misa solemne* (Rosini), entre outros moitos.

En 1994 debutou no papel de Marina no Teatro de la Zarzuela de Madrid, onde, no mesmo ano, estrea *El Barberillo de Lavapiés*. Posteriormente interpretará en repetidas ocasións *Doña Francisquita* en xira coa

producción do Teatro de la Zarzuela. Do repertorio operístico cantou, entre outros papeis, Lisa *Sonámbula* – Bellini, Pamina *A Frauta máxica* – Mozart, Adina *L'Elisir d'Amore* – Donizetti, Rosina *O barbeiro de Sevilla* – Rossini.

Cantou baixo a dirección de mestres como Carlos Villanueva, Maximino Zumalave, Rafael Frübeck de Burgos, Odón Alonso, Plácido Domingo, Víctor Pablo, entre outros. Colaborou co Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia como profesora de técnica vocal, e actualmente é profesora no Coro da Orquestra Gaos. Proximamente fará o "Requiem" de Mozart no Ciclo das Catedrais (Mondoñedo, Tui, Lugo, Ourense e Santiago) coa Orquestra e o Coro Gaos, dirixidos por Fernando López Briones.



XOÁN ELÍAS CASTIÑEIRA VARELA, piano

"Castiñeira é un intérprete distinguido, de considerable encanto e sensibilidade nun amplo repertorio de música solista, de cámara e de Lied" segundo o

Dr. Leslie Howard, pianista.

Xoán Elías Castiñeira é un dos pianistas galegos máis destacados da nova xeración.

Nacido en Lugo en 1983, estudou piano na Escola Superior de Música de Cataluña (Barcelona), a *Universität der Künste* (Berlín), e a Academia Marshall (Barcelona). Os seus principais profesores foron Eulàlia Solé, Fabio Bidini, e Carlota Garriga aínda que tamén traballou intensamente con Alicia de Larrocha, María Tipo, Elsa Púppulo, Leslie Howard, Nelly Ben-Or (Técnica Alexander), Wolfram Rieger e Dietrich Fischer-Dieskau (acompañamento de Lied), entre outros mestres.

Na procura dunha maneira máis integral e consciente de achegarse á interpretación musical, cursou un Máster en *Advanced Musical Studies (Performance Studies)* en *Royal Holloway, University of London* (2008). Na actualidade, está por rematar un Máster de Música Española na Academia Marshall.

Becario do Centro de Estudos Pianísticos (2004-2005), do *International Keyboard Institute and Festival* (Nueva York, 2006), da Fundación Barrié de la Maza (2007), e da *Sociedad de Artistas, Intérpretes y Ejecutantes de España* (2008, 2009, 2010).

Xoán é un músico de intereses diversos e vén ofrecendo, desde os vinte anos, recitais como solista e con orquestra en importantes salas e festivais de España, Inglaterra, Alemaña así como nos EEUU. En 2007 debutou no Palau de la Música Catalana interpretando un concerto de Mozart coa Orquestra de Cámara de Andorra. Tamén foi solista da Real Filharmonía de Galicia baixo a batuta de Maximino Zumalave (2009). O seu interese polo Lied e o acompañamento é permanente, e xunto co tenor Juan Sancho, actúa regularmente interpretando programas temáticos como *Der Wanderer*, *Homenaxe a Turina*, *Homenaxe a Albéniz*, *Cantos de ida y vuelta* etc. Coa mezzo Anna Alàs estreou para COM Radio *Village Scenes*, de Elisenda Fábregas (2004).

En febreiro de 2007 gravou para TV3 obras inéditas de Agustí Borgunyó e en xullo de 2008 participou por primeira vez no Festival Via Stellae nunha Schubertiada compartida con Florian Boesch e Roger Vignoles. Ademais, ten sido frecuentemente invitado por diversas orquestras (a Sinfónica de Galicia e a súa Xove Orquestra, a Orquestra Sinfónica de Barcelona) e directores (Víctor Pablo Pérez, James Ross, Michael Gilbert, etc.)

Como musicólogo, centra o seu traballo no estudo da música como interpretación, particularmente de tradicións interpretativas europeas (Clara Schumann, Granados-Marshall...). Os seus artigos teñen sido publicados en medios como *The Liszt Society Journal*. En 2009, a British Library Sound Archive concedeulle unha das súas prestixiosas Edison Fellowships.

Xoán é ademais un apaixonado pedagogo que ten impartido cursos tanto en España como no estranxeiro.

No último ano imparte un curso na Escola Berenguela de Santiago de Compostela, "Aspectos interpretativos de chopin". No curso 2009-2010 é profesor de piano no ICIA (Institute of contemporary Interdisciplinary Arts-University of Bath (Reino Unido)).

Día 26 de Abril

Ás 20:00 h., nas rúas de Lugo. Conferencia e concerto na rúa

Conferencia

"Percorrido Histórico polo Lugo de Xoán Montes".

1. Praza da Soidade
2. Praza de Santo Domingo
3. Rúa da Raíña confluencia coa Rúa Xoán Montes
4. Praza Maior
5. Praza de Santa María
6. Porta Bispo Aguirre

Adolfo de Abel Vilela


Concerto

1. **Alborada** (Pascual Veiga)
2. **O bico** (Muiñeira para orfeón)
3. **Noche feliz** (Pascual Veiga)
4. **Negra sombra** (Balada galega)
5. **Benedictus** (da Misa en honor ó Apóstolo Santiago - 1897)
6. **Introito** (da Misa de Defuntos – 1891)

Grupo Vocal "Sólo Voces"

Aurelio Chao, piano

Fernando G. Jácome, director



ADOLFO DE ABEL VILELA

ADOLFO DE ABEL VILELA (Lugo, 1946), cursou estudos técnicos e humanísticos en Lugo, Santiago de Compostela e Madrid. Ademais doutras titulacións é

licenciado en Xeografía e Historia na especialidade de Arte Moderna e Contemporánea, doutor en Xeografía e Historia e académico correspondente da Real Academia da Historia. Ten publicados 22 libros, cinco dedicados á muralla, ten colaborado noutros 13, e publicados máis de 500 artigos.



GRUPO VOCAL "SÓLO VOCES"

O Grupo Vocal "Sólo Voces" fundouse en Lugo en 1992. Desde entón leva traballando diversos ámbitos do repertorio coral, baixo a dirección de Fernando G. Jácome, con especial dedicación á música antiga e á difusión dos autores locais.

Ten editados catro CDs: *Cantares* (ano 2000), con clásicos do rock e da música

sudamericana, *Clásicos galegos*, Vol. 1 (ano 2000), coa Orquestra Municipal de Xove baixo a dirección de Xan Carballal, onde se recolle música de autores lucenses, e *Nihil novum sub sole?* (ano 2005) con música sacra do século XX. Neste ano presentou *Dous séculos de música lucense*, un novo CD con música de autores de Lugo.

Outros aspectos do repertorio levaron a "Sólo Voces" a cantar nos ámbitos máis diversos: mesturando o humor coa seriedade, a música coa poesía, en toda Galicia, e fóra dela (Casa de Galicia en Madrid, Casa de Galicia en Lisboa, programación musical de Advento en Salzburgo, e Praga), facendo a zarzuela

Bohemios, en Lugo, baixo a dirección de Jorge Rubio, ou facendo música de polifonistas españois acompañando o grupo de música antiga Orpheon Consort de Viena.

Así mesmo ofreceron un concerto monográfico sobre Tomás Luis de Victoria en Ávila e Lugo, e participaron en festivais de música: IXº Certame de Música Sacra de Ourense, XXVIIª e XXVIIIª Semana de Música



Nace en Vilalba no seo dunha familia con tradición musical. Recibe as primeiras clases ós 6 anos da súa nai Remedios Chao para, a continuación, acudir ó conservatorio de Lugo, onde comeza os seus estudos oficiais. Rematado o grao elemental de piano, trasládase a Santiago de Compostela para recibir clases do mestre Ángel Brage.

Cidade de Lugo, VIIª Bienal de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís), IIº Ciclo de Música Sacra de São Pedro de Rates (Portugal). Tamén é salientable a participación no IIº Festival de Música de Compostela e os seus camiños VIA STELLAE (ano 2007) e no Ciclo de música vocal de ESPAZOS SONOROS (ano 2008) que o consolida como unha agrupación de peso no panorama musical galego.

AURELIO CHAO

Despois do falecemento do mesmo, continúa a súa formación con Martín Millán. Posteriormente, trasládase á Coruña, onde recibe clases coa pianista Natalia Lamas. Máis tarde, regresa a Santiago para rematar os seus estudos do título superior de piano baixo a dirección de Nicasio Gradañlle, coas máximas cualificacións; e remata, tamén coas máximas cualificacións, o título superior de música de cámara co mestre checo Dalibor Sebestiak e o título superior de solfexo. Realiza cursos de técnica e interpretación con mestres como Cecilio Tiele, Ángel González, Joaquín Achúcarro, Paúl Badura-Skoda, etc. Na actualidade é profesor titular na especialidade de piano no Conservatorio Profesional de Vilalba, no que ocupa o cargo de director desde 1988.

Día 27 de Abril

Ás 20:00 h., no Salón Rexio do Círculo das Artes de Lugo
Conferencia

"A vida diaria en Lugo na época de Xoán Montes"

Lois Seixo Castro

Concerto

1. ***Orixe** (arranxo e harmonización de José Vázquez Serrano)
2. ***Por que non hei de cantar** (arranxo e harmonización de Xosé Lois Romero)
3. ***Alborada** (Cancioneiro Inzenga – arranxo e harmonización de Pedro Lamas)
4. **Rapsodia gallega** (Xoán Montes)
 1. Adagio molto
 2. Adagio
 3. Allegro moderato
5. **Alborada gallega** (Xoán Montes)
 1. Andante
 2. Pregaria
 3. Alborada

Cuarteto Saiva Nova

José Vázquez Serrano, piano

Coreografía e dirección da Alborada Gallega:

Belén Fernández e Cristina Lata

Bailarinas:

- | | |
|--------------------|------------------|
| - Beatriz Calixtre | - Rut Pena |
| - Laura Castro | - Mar Quintana |
| - Carmen Del Arco | - Iria Souto |
| - Eva Guimarey | - Carlota Vivero |



(alumnas do CDAN de Lugo)

(*) Estrea absoluta destas obras



LOIS SEIXO CASTRO

LOIS SEIXO CASTRO é mestre e licenciado en Humanidades. Está a realizar a súa tese doutoral no departamento de Historia Contemporánea da USC.



O CUARTETO SAIVA NOVA está formado por:

- VIOLÍN I: Fernando Docampo Abeijón
- VIOLÍN II: Iván Novo Bello
- VIOLA: Óscar Tomé
- VIOLONCHELO: Rosalía Vázquez García


O CUARTETO SAIVA NOVA

Os seus compoñentes son licenciados na súa especialidade e exercen actualmente como profesores en diferentes conservatorios da xeografía galega. Todos eles contan cunha longa experiencia como instrumentistas, despois de colaborar en diversas ocasións con formacións orquestrais como a Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia... actuando en escenarios tan emblemáticos como o Konzerthaus de Berlín, Concertgebouw de Amsterdam ou o Auditorio Nacional de Madrid, realizando xiras por Alemaña, as Repúblicas Bálticas, Luxemburgo, Bélxica ou Dinamarca con directores como Josep Pons, Gunther Schuller, Okko Kamu ou Carlo Rizzi.

Desde a súa formación, o CUARTETO SAIVA NOVA participou nun gran número de eventos, entre os que cabe destacar:

- Entrega de premios do Concurso Constantino Bellón (Teatro Jofre, Ferrol).
- Festival Internacional de Música de Cámara Stellenbosch en Vilanova de Famalição (Portugal).
- Entrega de premios de literatura García Barros (Teatro principal de A Estrada, Pontevedra).
- Concerto-celebración 4ª liga do F. C. Porto no Estadio do Dragao (Oporto, Portugal).

Entre o 2008 e o 2010, o CUARTETO SAIVA NOVA colabora co emblemático grupo galego Fuxan os Ventos no seu espectáculo *Terra de Soños*. Neste último ano, participan xunto a Uxía na gravación do CD tributo ós Beatles *50*, que reúne a artistas nacionais e internacionais.



Día 28 de Abril

Ás 20:00 h. no Museo Provincial de Lugo

Conferencia

"A Música instrumental de Xoán Montes"

Xan Carballal

día 28 de abril, ó remate da conferencia (20:45), na Igrexa de San Pedro

Concerto

1. Os trompetas (Pasodobre)
2. Balada galega (Negra sombra)
3. O bico (Muiñeira)
4. Balada y Muiñeira (1º tempo)
5. Balada galega (Lonxe d'a terriña)
6. Rapsodia galega (2º tempo)

Banda Municipal de Lugo

Rosendo Ivorra Jover, director



XAN CARBALLAL

Nado en Lugo. Desde pequeno séntese atraído polo mundo da música, facendo desta o seu pasatempo e converténdoa, co paso dos anos, na súa profesión e na súa

forma de vida. Remata os estudos superiores de Violín e tamén nas especialidades de Harmonía, Contrapunto, Composición e Orquestración da man de profesores do taller de Vlastimil Pacacek e Rudolf Novak. Tamén é profesor superior de Pedagogía Musical, campo que lle interesa especialmente e que o leva a estar preparando na actualidade o

seu Doutoramento, actividade que compaxina co labor docente que realiza en varias Escolas de Música da Mariña así coma no Conservatorio de Vilalba.

Cando estudante, marchou a Chequia para estudar dirección de orquestra co profesor moravo Rostislav Haliska que fora alumno de Káraján, e director titular de agrupacións como a Sinfónica de Zlín, ou da Orquestra de Marianske Lazne. Comeza a súa andaina como director facéndose cargo de diversas agrupacións corais e no ano 1990 funda a Orquestra de Cámara de Xove.

Na actualidade dirixe varios centros educativos e tamén ten ó seu cargo a dirección do "Curso de Semana Santa " que desde o ano 1990 vén celebrándose na localidade mariñá de Xove.

En canto á súa relación co mundo discográfico, ten no seu haber entre outros, os seguintes traballos publicados:

Clásicos Galegos. Coro de Cámara "Sólo voces" e Orquestra Municipal de Xove. Música de Xoán Montes e Bal y Gay.

Clásicos Galegos Vol. II. Orquestra Municipal de Xove.

Non chores Sabeliña. Zarzuela de Gustavo Freire. Conxunto Vocal "Lugh" e Orquestra Clásica de Xove.

Composición da música para o musical titulado *IACOBUS*, e que foi gravada pola Orquestra Clásica de Xove xunto cunha agrupación vocal de alumnos das Escolas de Música da Mariña a finais de decembro de 2010 pero que aínda non saíu á venda.

BANDA MUNICIPAL DE LUGO

A BANDA MUNICIPAL DE LUGO, desde a súa reorganización, xa que na orixe non cabe dúbida de que se trataba dunha banda privada, debutou o 1 de outubro de 1876 en sesión dobre en Lugo, baixo a dirección de Xoán Montes e interpretando unha das obras predilectas deste gran mestre: a Abertura da *Sinfonía do Pirata* de Bellini.

Desde entón, desenvolveu un amplo repertorio baixo a batuta dos seguintes



directores: Xoán Montes, desde 1875 ata 1884; despois Baldomero Latorre Capón, primo de Xoán Montes; Benito Patán, Antonio Martí, Ricardo Dorado, Juan González Páramos, Manuel Sariñena, Francisco Méndez Rodríguez, que foi o

director que máis tempo permaneceu á fronte da banda (nada menos que 33 anos, desde 1944 ata 1977); Indalecio Fernández Groba, que permanece máis de dez anos, e Rosendo Ivorra, o actual director.

ROSENDO IVORRA JOVER

Nado o 18 de febreiro de 1953 en Agost (Alicante). Comezou os seus estudos musicais aos 8 anos en Agost con D. Juan Molina. Ós 12 anos pasou a estudar no Conservatorio Superior de Música de Alicante, onde cursou ata 5º de trompeta. Pasou ó conservatorio de Valencia e cambiou de instrumento para poder estudar trompa e alí rematou o Título Superior de dito instrumento. Ós 19 anos ingresou como voluntario no Regimiento del Maestrazgo (Valencia). Ós 6 meses de ingresar como voluntario aprobou por oposición unha praza de Suboficial Músico e permaneceu arredor de 10 anos como músico militar.

Está en posesión do Título Superior de Trompa, Título Superior de Harmonía Contrapunto e Fuga, Título Superior de Composición e Instrumentación e Título Superior de Dirección de Orquestra.

Traballou como profesor nos seguintes Conservatorios: Conservatorio Superior de Vigo, Conservatorio de Lugo e Conservatorio Superior de Santiago.

Dirixiu as seguintes agrupacións: Banda Militar de Marín, Banda Municipal de Rianxo, Banda Municipal de Alicante, Orquestra Sinfónica de Valencia, Orquestra do Conservatorio de Valencia, Orquestra do Conservatorio de Madrid, Banda Municipal de Castellón e Banda Municipal de Lugo, da que é o actual Director Titular.

Compuxo as seguintes obras: *Ivorra, libro de 33 preludios, Muíñeira da Muralla, Ensemble, aire nuevo, Fiesta en San Roque, Muralla 2000, Ros, Peregrín, Fuga op 20, San Froilán, Lugo 98, Lugo 99, Rondó para trompa e piano, Dolores, Festas de San Froilán, Maripé, Banda Municipal de Lugo, Concello de Lugo, Lucus Augusti, etc.*

Día 29 de Abril

Ás 20:30 h. na Igrexa de San Pedro

Concerto didáctico de clausura

"A música vocal de Montes"

"Misa in honorem Iacobi Apostoli"

Grupo Vocal "Sólo Voces"

Orquestra Clásica de Xove

Xan Carballal, director



No ano 1986 o Concello de Xove decide crear unha escola de música. Para tal labor solicita os servizos do músico lucense Xan Carballal, persoa de ampla bagaxe dentro

ORQUESTRA CLÁSICA DE XOVE

do mundo da música clásica. Como meta, este propón a creación dunha orquestra que sirva de estímulo ós alumnos da escola, e que ademais, lles sirva de práctica para un futuro profesional.

A partir dun traballo continuo de varios anos decidiuse crear a orquestra con rapaces formados na súa maioría, na propia escola. Debutou no Nadal de 1989 interpretando unhas panxoliñas compostas polo seu director. Pero realmente o seu debut oficial foi a mediados de 1990. A partir deste intre,

comeza a dar concertos por toda a xeografía do noso país, así como tamén participa en varios programas de televisión.

O seu repertorio é abondoso, xa que para a formación do alumnado precisase traballar tódolos estilos, desde sinfonías a concertos, nos que teñen cooperado con importantes músicos, e desde o Barroco á música contemporánea.


Na actualidade a Orquestra Clásica de Xove pertence a un serio proxecto educativo de formación musical que está amparado dentro da asociación PRESTOXOVE.

Traballos discográficos: *Clásicos Galegos*. Coro de Cámara "Sólo voces" e Orquestra Municipal de Xove. Música de Xoán Montes e Bal y Gay.

Clásicos Galegos Vol. II. Orquestra Municipal de Xove.

Non chores Sabeliña. Zarzuela de Gustavo Freire. Conxunto Vocal "Lugh" e Orquestra Clásica de Xove.

O último traballo discográfico realizado dentro do proxecto de PRESTOXOVE, foi a gravación a través dos servizos da Radio Televisión galega da música da banda sonora *IACOBUS*, que foi gravado no Auditorio de Mondoñedo xunto cunha agrupación vocal de alumnos das Escolas de Música da Mariña en Nadal de 2010 e que aínda non está nas rúas.



Organiza:



Patrocina:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Colaboran:



Concello de Lugo
Concellería de Cultura



FUNDACIÓN
TIC
LUGO

**MUSEO DIOCESANO
DE LUGO**
S.I.C.B. de Lugo



Seminario diocesano de Lugo



CONSERVATORIO
PROFESIONAL
DE DANZA DE LUGO

Agradecemento a **JUAN SOTO** e **CARLOS LATORRE**
polo material cedido para a exposición